

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

*Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal das prazas incluídas na oferta de emprego público 2017.*

#### ANUNCIO

#### **BASES DE CONVOCATORIA POR CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DAS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017.**

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 4 de agosto de 2017 aprobou as bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal (disposición transitoria 4ª do EBEP) das prazas incluídas na oferta de emprego público 2017: letrado/a adxunto/a, cociñeiro/a, axudante/a de cociña, celador/a e mozo/a de servizo axudante que figuran a continuación:

#### **Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal dunha praza de Letrado adxunto (A1)**

##### **1. Normas xerais**

1.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura dunha praza de letrado adxunto (A1), polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

##### 1.2. Requisitos dos candidatos

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

##### 1.2.1. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

1.2.2. Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

1.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de: Licenciado/a en dereito.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.2.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.5. Habilitación: non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, ter acceso ao emprego público.

##### 1.3. Solicitudes

1.3.1. Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación provincial. As instancias dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1.3.2 De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en lingua castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

1.3.3. Os e as aspirantes que teñan condición legal de minusválidos con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

1.3.4. A instancia, que se presentará por duplicado, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro.

b) Xustificante de pago dos dereitos de exame.

c) Para a valoración da fase de concurso, os aspirantes deberán achegar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias compulsadas). O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos que se han valorar e non tomará en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus puntos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes. Aqueles aspirantes aprobados definitivamente deberán presentar, de ser o caso, os documentos orixinais no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listaxes de opositores aprobados.

#### 1.4. Admisión de aspirantes

1.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo dun mes declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

A citada resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Palacio provincial.

1.4.2. Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá para os efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1.4.3. Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do exercicio.

A data de publicación iniciará o cómputo do prazo para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

#### 1.5. Tribunais cualificadores

1.5.1. O Tribunal designarase de conformidade co estipulado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

a) Un presidente, que será un funcionario designado polo presidente da Corporación.

b) Tres vocais, funcionarios designados polo presidente da Corporación.

c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tendérase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non poderá desempeñarse esta en representación ou pola conta de ninguén.

1.5.2. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das dispostas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou realízen tarefas de preparación a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incursos nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/15, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma lei.

1.5.3. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

1.5.4. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que poidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

1.5.5. O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

1.5.6. Os Tribunais que actúan nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

## 1.6. Desenvolvemento dos exercicios

1.6.1. A orde de actuación dos aspirantes, nos exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra «K», conforme ao establecido na Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 3 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro).

1.6.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, será excluído da oposición quen non compareza excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo Tribunal.

1.6.3. A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios efectuaráos o Tribunal no taboleiro de anuncios da Corporación.

## 1.7. Cualificación dos exercicios

1.7.1. Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas concréntanse nas bases da presente convocatoria. Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

1.7.2. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación Provincial ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).

## 1.8. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

1.8.1. Concluídas as probas o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, non podendo exceder estes o número de prazas convocadas, e elevará a devandita relación á Presidencia da Corporación, quen efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que, superando todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

1.8.2. No prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listaxes, os opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral da entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.3 que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

1.8.3. Perante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

1.8.4. Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública de quen dependesen para acreditar tal condición.

1.8.5. Se se tratase de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993, de 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Comunidade Europea.

1.8.6. Os que dentro do prazo indicado e excepto casos de forza maior non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade na súa instancia.

1.8.7. Cumpridos os requisitos procedentes, o presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP.

1.9. Dereitos de exame:

Grupo A, subgrupo A1: 32,10 euros

## **2. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.**

O proceso de selección constará das seguintes fases: concurso e oposición.

### **2.1. Fase de concurso:**

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, referidos a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2.1.1. Servizos prestados, ata un máximo de 13 puntos:

a) 1 punto por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 13 puntos polos servizos efectivos prestados na Deputación da Coruña, con vínculo de carácter temporal ou interino, no posto de traballo obxecto da convocatoria, para cuxos efectos se achegarán á instancia cantos documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) estimen oportunos.

Para realizar esta valoración será requisito estar en situación de servizo activo nesta Deputación provincial no posto de traballo obxecto da convocatoria, con contrato ininterrompido de traballo vixente de carácter temporal ou ben en situación de funcionario interino, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados na Deputación provincial da Coruña noutra praza de letrado asesor xurídico adxunto, distinta á convocada, ata un máximo de 13 puntos.

c) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados en prazas de letrado asesor xurídico de calquera administración pública, ata un máximo de 13 puntos.

2.1.2. Cursos, ata un máximo de 2 puntos:

Valorarase a asistencia a cursos impartidos pola administración ou homologados, relacionados coa actividade que se vai a realizar, de acordo co seguinte baremo:

De menos de 15 horas: 0,10 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 100 horas: 0,75 puntos

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do exercicio da fase de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A suma total dos dous apartados da fase de concurso non poderá superar os 13 puntos.

## 2.2. Fase de oposición:

**Primeiro exercicio:** de carácter eliminatorio, constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo de dúas horas, dun cuestionario de 100 preguntas con 3 respostas alternativas, sendo só una delas a correcta e non restando as respostas incorrectas, así como 5 preguntas de reserva, en relación co contido do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Segunda parte: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período de dúas horas un suposto práctico relativo a contidos das materias comprendidas na parte específica do programa que figura como anexo desta convocatoria. A puntuación obtida polo aspirante será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal. En función das dispoñibilidades técnicas, o tribunal poderá acordar que o exercicio se elabore polos aspirantes en equipos informáticos facilitados pola Deputación.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos (de 0 a 10 a parte test e de 0 a 10 a parte práctica), sendo necesario para superalo obter en conxunto un mínimo de 10 puntos.

**Segundo exercicio:** Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA 4 ou equivalente, deberán facer unha proba de carácter obrigatorio que se valorará co resultado de apto ou non apto.

Consistirá na tradución, nun tempo máximo de unha hora, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, propostos os dous polo tribunal.

### Cualificación final

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, non podendo resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

### 1.- Programa xeral:

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

Tema 3.- Organización territorial do Estado na Constitución: Ideas xerais da administración central, autonómica e local.

Tema 4.- Réxime local español: clases de entidades locais.

Tema 5.- O municipio. Elementos: territorio e poboación. Organización municipal. Competencias dos municipios.

Tema 6.- A provincia. Organización provincial. Competencias das provincias.

Tema 7.- Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen varios municipios. As áreas metropolitanas.

Tema 8.- Réxime de sesións e acordos de órganos colexiados locais.

Tema 9.- A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 10.- A cooperación local. Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

Tema 11.- A asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios.

Tema 12.- A enquisa de infraestruturas e equipamentos na Administración Local

Tema 13.- Réxime de suspensión e impugnación dos actos e acordos locais por outras administracións públicas.

Tema 14.- O proceso electoral. Proclamación de membros electos das corporacións locais.

Tema 15.- Moción de censura e cuestión de confianza no ámbito local.

Tema 16.- Dereito administrativo: disposicións xerais na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Tema 17.- O persoal ao servizo da administración local: funcionarios propios das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases. A función pública local: dereitos e deberes. Situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade e réxime disciplinario. Extinción da relación funcionarial.

Tema 18.- O Orzamento das corporacións locais: elaboración, aprobación e execución. A Facenda Local: ingresos e gastos.

## 2.- Programa específico:

### 2.1.- Dereito administrativo.

Tema 1.- Os conceptos de Administración Pública e dereito administrativo. A submisión da Administración ao dereito. O principio de legalidade.

Tema 2.- O acto administrativo: Concepto, caracteres e clasificación.

Tema 3.- Elementos do acto administrativo: Suxeito, obxecto, fin e forma. A motivación e notificación dos actos administrativos. O silencio administrativo.

Tema 4.- Eficacia do acto administrativo. Executoriedade dos actos administrativos. Validez e invalidez do acto administrativo. Revogación e anulación de oficio dos actos administrativos.

Tema 5.- O silencio administrativo: Natureza e réxime xurídico positivo.

Tema 6.- Os interesados no procedemento administrativo. Dereitos dos cidadáns; en particular, o acceso aos rexistros e arquivos. Termos e prazos. Os informes no procedemento administrativo.

Tema 7.- O procedemento administrativo: Concepto e clases. Regulación legal: Ámbito de aplicación da Lei 39/2015. Os principios xerais do procedemento administrativo.

Tema 8.- Iniciación, ordenación e instrución do procedemento: a proba. Participación dos interesados. Terminación: a resolución. Terminación convencional. Outros modos de terminación. Desestamento, renuncia e caducidade.

Tema 9.- A executividade dos actos administrativos. Fundamento e natureza. A execución forzosa pola Administración dos actos administrativos. Medios de execución no noso Dereito.

Tema 10.- Principios da potestade sancionadora. O procedemento sancionador.

Tema 11.- Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria: a responsabilidade das administracións públicas como titulares das estradas. Infraccións e sancións administrativas.

Tema 12.- Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor: cálculo de indemnizacións.

Tema 13.- Recursos administrativos I: o recurso de reposición.

Tema 14.- Recursos administrativos II: o recurso de Alzada.

Tema 15.- Recursos administrativos II: o recurso extraordinario de revisión.

Tema 16.- A responsabilidade patrimonial da administración das administracións públicas. Regulación actual.

Tema 17.- Infraccións e sancións na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Tema 18.- A expropiación forzosa. Lexislación vixente. Suxeitos e obxecto da expropiación. Procedemento xeral. Peculiaridades do procedemento de urxencia.

Tema 17.- Os contratos administrativos I. Configuración xeral: clases, duración, pactos, forma, validez, nulidade, partes, obxecto, revisión de prezos, garantías, modificación.

Tema 18.- Os contratos administrativos II: preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción.

### 2.2.- Facendas Locais.

Tema 1.- Imposto sobre Actividades Económicas.

Tema 2.- Imposto sobre Bens Inmóveis (I): antecedentes e natureza. Feito imponible. Beneficios fiscais. Suxeitos da relación xurídico-tributaria.

Tema 3.- Imposto sobre Bens Inmóveis (II): base imponible. Cota. Pagamento. Xestión. Imposición e ordenación.

Tema 4.- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Tema 5.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Tema 6.- Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (I): Antecedentes, natureza xurídica e fundamento. Feito imponible: Transmisións de dominio inter-vivos e mortis-cause, constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio. Supostos de exención e non suxeición. Outros aspectos do feito imponible: temporal (pagamento), espacial e cuantitativo.

Tema 7.- Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (II): Elementos persoais: suxeito activo e suxeito pasivo. Persoas suxeitas a especiais deberes de colaboración e información. Elementos de cuantificación da prestación: A base imponible, reducións da base imponible, o tipo de gravame, a cota tributaria. O procedemento de liquidación. Recadación e inspección.

Tema 8.- Ordenanza fiscal xeneral da Deputación provincial da Coruña.

Tema 9.- A prestación de servizos tributarios polas Deputacións provinciais aos Concellos.

**2.3.- Dereito urbanístico.**

Tema 1.- O Urbanismo. Lexislación estatal e autonómica reguladora da Ordenación Urbanística.

Tema 2.- Clasificación do solo.

Tema 3.- O plan urbanístico I: instrumentos de ordenación.

Tema 4.- O plan urbanístico II: elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación.

Tema 5.- A execución do plan I: áreas de repartición, aproveitamento tipo e equidistribución.

Tema 6.- A execución do plan II: sistemas de actuación.

Tema 7.- Os patrimonios públicos do solo.

Tema 8.- As licenzas urbanísticas.

Tema 9.- A disciplina urbanística.

Tema 10.- Os convenios urbanísticos.

**2.4.- Dereito procesual.****2.4.1.- Procesual civil, penal e social.**

Tema 1.- O xuízo civil ordinario.

Tema 2.- O xuízo civil verbal.

Tema 3.- A proba. Procedemento probatorio.

Tema 4.- Medios de proba: documentos. Interrogatorio das partes. Testemuñas. Peritos. Recoñecemento xudicial.

Tema 5.- Lei Concursal: especial referencia aos créditos das Administracións Públicas.

Tema 6.- O sumario e o xuízo oral.

Tema 7.- O procedemento abreviado.

Tema 8.- O proceso ordinario social.

**2.4.2.- Procesual contencioso-administrativo.**

Tema 1.- A xurisdición contencioso-administrativa. Ámbito. Órganos.

Tema 2.- A competencia dos órganos xurisdiccionais contencioso-administrativos.

Tema 3.- As partes: Nocións xerais. A capacidade. Representación procesual e defensa.

Tema 4.- As partes: lexitimación.

Tema 5.- As partes: pluralidade de partes.

Tema 6.- O obxecto do proceso.

Tema 7.- Os orzamentos procesuais da actividade: Concepto e clases. O esgotamento da vía administrativa como orzamento procesual. Os recursos administrativos de reposición e alzada.

Tema 8.- Os orzamentos procesuais da actividade: O esgotamento na vía económico-administrativa. O “requirimento” de anulación dos actos das Entidades Locais.

Tema 9.- Pretensións das partes. Acumulación.

Tema 10.- A contía do procedemento. Orzamentos de procedibilidade .

Tema 11.- O procedemento contencioso-administrativo en primeira ou única instancia. Dilixencias preliminares.

Tema 12.- Iniciación do proceso. Interposición do recurso e reclamación do expediente.

Tema 13.- Emprazamento dos demandados e admisión do recurso.

Tema 14.- A demanda e a contestación.

Tema 15.- Alegacións previas.

Tema 16.- A proba.

Tema 17.- Vista e conclusións.

Tema 18.- A sentenza.

Tema 19.- Outros medios de finalización do proceso.

Tema 20.- O procedemento abreviado.

Tema 21.- Os recursos contra providencias, autos e sentenzas.

Tema 22.- O recurso ordinario de apelación.

Tema 23.- O recurso de casación.

Tema 24.- A revisión de sentenzas.

Tema 25.- Execución de sentenzas.

Tema 26.- Procedementos especiais: Procedemento para a protección de dereitos fundamentais da persoa. Cuestión de ilegalidade. Procedemento en casos de suspensión administrativa previa de acordos. Procedemento para a garantía da unidade de mercado. Procedemento para a declaración xudicial de extinción de partidos políticos.

Tema 27.- Disposicións comúns: prazos. Medidas cautelares. Incidentes. Costas procesuais.

### **Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal dunha praza de Cociñeiro/a (C2)**

#### **1. Normas xerais**

1.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura dunha praza de Cociñeiro/a (C2), adscrita ao Centro de día de menores de Ferrol polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

#### **1.2. Requisitos dos candidatos**

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

##### **1.2.1. Nacionalidade:**

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

1.2.2. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade mínima de xubilación forzosa.

1.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de: graduado escolar, formación profesional de 1º grao ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.2.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.5. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### **1.3. Solicitudes**

1.3.1. Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación Provincial. As instancias dirixiranse ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación



do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.3.2 De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

1.3.3 Os aspirantes que teñan condición legal de minusválidos con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

1.3.4 A instancia, que se presentará por duplicado, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro.

b) Xustificante de pago dos dereitos de exame.

c) Para a valoración da fase de concurso, os aspirantes deberán achegar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias compulsadas). O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos a valorar e non tomará en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes. Os aspirantes aprobados definitivamente deberán presentar, de ser o caso, os documentos orixinais no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas de opositores aprobados.

#### **1.4. Admisión de aspirantes**

1.4.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo dun mes declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

Dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Palacio Provincial.

1.4.2 Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá a efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.4.3 Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio.

A data de publicación iniciará o cómputo do prazo a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

#### **1.5. Tribunais cualificadores**

0.4.1 O Tribunal designarase de conformidade co estipulado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

a) Un Presidente, que será un funcionario designado polo Presidente da Corporación.

b) Tres vocais, funcionarios designados polo Presidente da Corporación.

c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.

1.5.2 Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei 40/2015.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma Lei.

1.5.3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

1.5.4 O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

1.5.5 O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

1.5.6 O Tribunal que actúa nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón de servizo.

## 1.6 Desenvolvemento dos exercicios

1.6.1. A orde de actuación dos aspirantes, nos exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra «K», conforme ao establecido na Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 3 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro)

1.6.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, será excluído da oposición quen non compareza excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

1.6.3. A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios efectuarao o Tribunal no taboleiro de anuncios da Corporación.

## 1.7 Cualificación dos exercicios

1.7.1. Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas concréntanse nas bases da presente convocatoria. Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

1.7.2. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación Provincial ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).

## 1.8. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

1.8.1. Concluídas as probas o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, non podendo exceder estes o número de prazas convocadas, e elevará a devandita relación á Presidencia da Corporación, quen efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que, superando todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

1.8.2. No prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte a aquel en que se fixeron públicos as listaxes, os opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral da entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.3 que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

1.8.3. Perante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

1.8.4. Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública de quen dependesen para acreditar tal condición.

1.8.5. Se se tratase de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993, de 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Comunidade Europea.

1.8.6. Os que dentro do prazo indicado e excepto casos de forza maior non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

1.8.7. Cumpridos os requisitos procedentes, o presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP.

### **1.9 Dereitos de exame:**

Grupo C, Subgrup C2: 12,10 euros.

### **2. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.**

O proceso de selección constará das seguintes fases: concurso e oposición.

#### **2.1. Fase de concurso:**

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, referidos a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

##### **2.1.1. Servizos prestados, ata un máximo de 13 puntos:**

a) 1 punto por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 13 puntos polos servizos efectivos prestados na Deputación da Coruña, con vínculo de carácter temporal ou interino, no posto de traballo obxecto da convocatoria, para cuxos efectos se achegarán á instancia cantos documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) estimen oportunos.

Para realizar esta valoración será requisito estar en situación de servizo activo nesta Deputación provincial no posto de traballo obxecto da convocatoria, con contrato ininterrompido de traballo vixente de carácter temporal ou ben en situación de funcionario interino, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados na Deputación provincial da Coruña noutra praza de cociñeiro/a, distinta á convocada, ata un máximo de 13 puntos.

c) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados en prazas de cociñeiro/a de calquera administración pública, ata un máximo de 13 puntos.

##### **2.1.2. Cursos, ata un máximo de 2 puntos:**

Valorarase a asistencia a cursos impartidos pola administración ou homologados, relacionados coa actividade que se vai a realizar, de acordo co seguinte baremo:

De menos de 15 horas: 0,10 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 100 horas: 0,75 puntos

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do exercicio da fase de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A suma total dos dous apartados da fase de concurso non poderá superar os 13 puntos.

#### **2.2 Fase de oposición:**

Primeiro exercicio: de carácter eliminatorio, constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo de hora e media, dun cuestionario de 25 preguntas con 3 respostas alternativas, sendo só una delas a correcta, e 5 preguntas de reserva, en relación co contido do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Segunda parte: De carácter práctico, obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá nunha proba a desenvolver durante un período de hora e media relativa aos contidos das materias comprendidas no programa específico que figura como anexo a esta convocatoria. A puntuación obtida polo aspirante será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos (de 0 a 10 a parte test e de 0 a 10 a parte práctica), sendo necesario para superalo obter en conxunto un mínimo de 10 puntos.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes, excepto para os que teñan acreditado o nivel CELGA 3 en lingua galega, os cales estarán exentos de realizar o exercicio. Consistirá na tradución, nun tempo máximo de trinta minutos, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, propostos os dous polo tribunal. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

#### **Cualificación final**

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, non podendo resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

#### **ANEXO: Programa para Cociñeiro/a - C2 (Consolidación de emprego temporal)**

##### **PARTE XERAL:**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

Tema 3.- Réxime local español: clases de entidades locais.

Tema 4.- A función pública local: dereitos e deberes.

##### **PARTE ESPECÍFICA:**

Tema 1.- A cociña: condicións que debe reunir o local, a división de espazos, organización do equipamento, maquinaria e utensilios.

Tema 2.- Alimentación infantil e de adultos. Particularidades en función da idade.

Tema 3.- Clasificación dos alimentos. Dieta equilibrada. Clasificación das dietas.

Tema 4.- Recepción e almacenamento de materias perecedeiras, semiperecedeiras e non perecedeiras.

Tema 5.- Manipulación e conservación de todo tipo de alimentos.

Tema 6.- Elaboración de salsas. Condimentos.

Tema 7.- Formas máis usuais de preparación de sopas, purés, ovos e tortillas.

Tema 8.- Xeneralidades sobre a preparación de hortalizas e verduras. Ensaladas máis habituais.

Tema 9.- Xeneralidades sobre a preparación de legumes e potaxes.

Tema 10.- Preparación de pastas e arroces.

Tema 11.- Xeneralidades sobre a elaboración de pratos de peixe.

Tema 12.- Xeneralidades sobre a elaboración de pratos de carne.

Tema 13.- Manipulación e conservación de lácteos e postres.

Tema 14.- Presentación de alimentos. Acondicionamento e transporte de pratos elaborados.

Tema 15.- Análise de perigos e puntos de control críticos.

Tema 16.- Seguridade e hixiene na cociña: aseo persoal, hixiene no traballo e vestiario. Prevención de accidentes.

**Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal dunha praza de Axudante/a de cociña (AP)****2. Normas xerais**

1.1 O obxecto do proceso selectivo será a cobertura dunha praza de Axudante de cociña (agrupación profesional), adscrita ao Centro residencial docente Calvo Sotelo, polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

**1.2 Requisitos dos candidatos**

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

**1.2.1 Nacionalidade:**

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

0.1.2 Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade mínima de xubilación forzosa.

1.2.3 Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de: certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.2.4 Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.5 Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**0.3. Solicitudes**

1.3.1 Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación Provincial. As instancias dirixiranse ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.3.2 De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

1.3.3 Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

1.3.4 A instancia, que se presentará por duplicado, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro.

b) Xustificante de pago dos dereitos de exame.

c) Para a valoración da fase de concurso, os aspirantes deberán achegar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias compulsadas). O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos a valorar e non tomará en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados,

en todos os seus extremos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes. Os aspirantes aprobados definitivamente deberán presentar, de ser o caso, os documentos orixinais no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas de opositores aprobados.

#### 1.4 Admisión de aspirantes

1.4.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo dun mes declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

Dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Palacio Provincial.

1.4.2 Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá a efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.4.3 Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio.

A data de publicación iniciará o cómputo do prazo a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

#### 1.5 Tribunais cualificadores

1.5.1 O Tribunal das distintas probas selectivas designaranse de conformidade co estipulado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

- a) Un Presidente, que será un funcionario designado polo Presidente da Corporación.
- b) Tres vocais, funcionarios designados polo Presidente da Corporación.
- c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.

1.5.2 Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma Lei.

1.5.3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

1.5.4 O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

1.5.5 O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

1.5.6 Os Tribunais que actúan nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón de servizo.

#### 1.6 Desenvolvemento dos exercicios

1.6.1 A orde de actuación dos aspirantes, nos exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra «K», conforme ao establecido na Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 3 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro).

1.6.2 Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluído da oposición quen non compareza excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo Tribunal.

1.6.3 A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios efectuaranse polo tribunal no taboleiro de anuncios da Corporación.

### 1.7 Cualificación dos exercicios

1.7.1 Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas concréntanse nas bases da presente convocatoria. Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

1.7.2 As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación Provincial ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).

### 1.8 Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

1.8.1 Concluídas as probas o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, non podendo superar estes o número de prazas convocadas e elevará a dita relación á Presidencia da Corporación, quen efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que, tendo superado todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

1.8.2 No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas, os opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral da Entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.3 que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

1.8.3 Ante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

1.8.4 Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública de quen dependesen para acreditar tal condición.

1.8.5 Se se tratase de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida pola Lei de 23 de decembro de 1993 de 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Comunidade Europea.

1.8.6 Os que dentro do prazo indicado e excepto casos de forza maior non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen ter incorrido por falsidade na súa instancia.

1.8.7 Cumpridos os requisitos procedentes, o Presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP.

### 1.9 Dereitos de exame:

Agrupación profesional (antigo grupo E): 9,65 euros

### 2. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O proceso de selección constará das seguintes fases: concurso e oposición.

## 2.1 Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

### 2.1.1 Servizos prestados:

a) 1 punto por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 13 puntos polos servizos efectivos prestados na Excm. Deputación da Coruña, con vínculo de carácter laboral temporal ou funcionario interino, no posto de axudante de cociña, a cuxos efectos se achegarán á instancia cantos documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) estimen oportunos.

Para realizar esta valoración será requisito estar en situación de servizo activo nesta Deputación Provincial no posto de traballo obxecto da convocatoria, con contrato ininterrompido de traballo vixente de carácter temporal ou ben en situación de interinidade, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados na Deputación Provincial da Coruña en prazas de axudante de cociña ata un máximo de 13 puntos.

c) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados en prazas de axudante de cociña de calquera administración pública ata un máximo de 13 puntos.

### 2.1.2 Cursos:

Valorarase a asistencia a cursos impartidos pola administración ou homologados relacionados coa actividade que se vai a realizar, ata un máximo de 2 puntos e de acordo co seguinte baremo:

De menos de 15 horas: 0,10 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 100 horas: 0,75 puntos

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A suma total dos tres apartados non poderá superar os 13 puntos.

## 2.2 Fase de oposición:

Primeiro exercicio: de carácter eliminatorio, constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo dunha hora, dun cuestionario de 15 preguntas con 3 respostas alternativas, sendo só una delas a correcta, e 5 preguntas de reserva, en relación co contido do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Segunda parte: De carácter práctico, obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá nunha proba a desenvolver durante un período dunha hora relativa aos contidos das materias comprendidas no programa que figura como anexo a esta convocatoria. A puntuación obtida polo aspirante será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos (de 0 a 10 a parte test e de 0 a 10 a parte práctica), sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes, excepto para os que teñan acreditado o nivel CELGA 3 en lingua galega, os cales estarán exentos de realizar o exercicio. Consistirá na tradución, nun tempo máximo de trinta minutos, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, propostos os dous polo tribunal. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

### Cualificación final

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, non podendo resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.



**ANEXO: Programa para Axudante de cociña – E (Consolidación de emprego temporal)****1.- Programa xeral**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

**2.-Programa específico**

Tema 1.- A cociña: condicións que debe reunir o local, a división de espazos, organización do equipamento, maquinaria e utensilios

Tema 2.- Clasificación dos alimentos. Dieta equilibrada. Clasificación de dietas.

Tema 3.- Recepción e almacenamento de materias perecedeiras, semiperecedeiras e non perecedeiras.

Tema 4.- Manipulación e conservación de todo tipo de alimentos.

Tema 5.- Tratamento e preparación inicial dos alimentos. Normas e criterios para elaboración das comidas.

Tema 6.- Presentación de alimentos. Acondicionamento e transporte de pratos elaborados

Tema 7.- Análise de perigos e puntos de control críticos.

Tema 8.- Seguridade e hixiene na cociña: aseo persoal, hixiene no traballo e vestiario. Prevención de accidentes.

**Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal dunha praza de Celador/a (AP)****1.Normas xerais**

1.1 O obxecto do proceso selectivo será a cobertura dunha praza de Celador/a (agrupación profesional), adscrita ao Fogar Infantil Emilio Romay, polo procedemento de concurso-oposición. O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

**1.2 Requisitos dos candidatos**

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

**1.2.1 Nacionalidade:**

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

1.2.2 Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade mínima de xubilación forzosa.

1.2.3 Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de: certificado de escolaridade ou equivalente.

1.2.4 Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.5 Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### 1.3 Solicitudes

1.3.1 Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación Provincial. As instancias dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas na outra lingua oficial deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

1.3.2 De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

1.3.3 Os e as aspirantes que teñan a condición legal de minusválidos con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

1.3.4 A instancia, que se presentará por duplicado, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro.

b) Xustificante de pago dos dereitos de exame.

c) Para a valoración da fase de concurso, os aspirantes deberán achegar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias compulsadas). O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos a valorar e non tomará en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes. Os aspirantes aprobados definitivamente deberán presentar, de ser o caso, os documentos orixinais no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas de opositores aprobados.

### 1.4 Admisión de aspirantes

1.4.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo dun mes declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

Dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Palacio Provincial.

1.4.2 Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá a efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.4.3 Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio.

A data de publicación iniciará o cómputo do prazo a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

### 1.5 Tribunal cualificador

1.5.1 O Tribunal designarase de conformidade co estipulado na Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

a) Un presidente, que será un funcionario designado polo presidente da Corporación.

b) Tres vocais, funcionarios designados polo presidente da Corporación.

c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.

1.5.2 Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma Lei.

1.5.3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

1.5.4 O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

1.5.5 O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

1.5.6 Os Tribunais que actúan nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

## 1.6. Desenvolvemento dos exercicios

1.6.1. A orde de actuación dos aspirantes, nos exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra «K», conforme ao establecido na Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 3 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro)

1.6.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, será excluído da oposición quen non compareza excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

1.6.3. A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios efectuarao o Tribunal no taboleiro de anuncios da Corporación.

## 1.7. Cualificación dos exercicios

1.7.1. Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas concréntanse nas bases da presente convocatoria. Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

1.7.2. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación Provincial ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es))

## 1.8. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

1.8.1. Concluídas as probas o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, non podendo exceder estes o número de prazas convocadas, e elevará a devandita relación á Presidencia da Corporación, quen efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que, superando todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

1.8.2. No prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte a aquel en que se fixeron públicos as listaxes, os opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral da entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.3 que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

1.8.3. Perante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

1.8.4. Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública de quen dependesen para acreditar tal condición.

1.8.5. Si tratácese de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993, de 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Comunidade Europea.

1.8.6. Os que dentro do prazo indicado e excepto casos de forza maior non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade na súa instancia.

1.8.7. Cumpridos os requisitos procedentes, o presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP.

#### **1.9 Dereitos de exame:**

Agrupación profesional (antigo grupo E): 9,65 euros.

#### **2. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.**

O proceso de selección constará das seguintes fases: concurso e oposición.

##### **2.1 Fase de concurso:**

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

##### **2.1.1 Servizos prestados:**

a) 1 punto por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 13 puntos polos servizos efectivos prestados na Excm. Deputación da Coruña, con vínculo de carácter laboral temporal ou funcionario interino, no posto de celador/a, a cuxos efectos se achegarán á instancia cantos documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) estimen oportunos.

Para realizar esta valoración será requisito estar en situación de servizo activo nesta Deputación Provincial no posto de traballo obxecto da convocatoria, con contrato ininterrompido de traballo vixente de carácter temporal ou ben en situación de interinidade, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados na Deputación Provincial da Coruña en prazas de celador/a ata un máximo de 13 puntos.

c) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados en prazas de celador/a de calquera administración pública ata un máximo de 13 puntos.

##### **2.1.2 Cursos:**

Valorarase a asistencia a cursos impartidos pola administración ou homologados relacionados coa actividade que se vai realizar, ata un máximo de 2 puntos e de acordo co seguinte baremo:

De menos de 15 horas: 0,10 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 100 horas: 0,75 puntos

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A suma total dos tres apartados non poderá superar os 13 puntos.

## 2.2 Fase de oposición:

**Primeiro exercicio:** de carácter eliminatorio, constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo dunha hora, dun cuestionario de 15 preguntas con 3 respostas alternativas, sendo só una delas a correcta, e 5 preguntas de reserva, en relación co contido do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Segunda parte: De carácter práctico, obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá nunha proba a desenvolver durante un período de unha hora relativa aos contidos das materias comprendidas no programa específico que figura como anexo a esta convocatoria. A puntuación obtida polo aspirante será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos (de 0 a 10 a parte test e de 0 a 10 a parte práctica), sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

**Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio para todos os aspirantes, excepto para os que teñan acreditado o nivel CELGA 3 en lingua galega, os cales estarán exentos de realizar o exercicio. Consistirá na tradución, nun tempo máximo de trinta minutos, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, propostos os dous polo tribunal. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

### Cualificación final

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, non podendo resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

## ANEXO: Programa para Celador/a – agrupación profesional (Consolidación de emprego temporal)

### 1.- Programa xeral :

Tema 1.-A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.-O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

### 1.2.- Programa específico:

Tema 1.- Medidas de apoio ás familias e protección á infancia. Centros de acollida na infancia.

Tema 2.- A separación familiar na infancia. A acollida da/o nena/o e a familia nun fogar de acollida.

Tema 3.- Educación para a saúde psico-física: alimentación, hixiene, autonomía.

Tema 4.- Educación para a saúde psico-física: control de esfínteres, o sono.

Tema 5.- Prevención de accidentes infantís. Detección de alteracións de saúde. Administración de prescricións médicas: control e seguemento.

Tema 6.- Desenvolvemento evolutivo da/o nena/o de 0 a 6 anos.

Tema 7.-Desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre.

Tema 8.- Traballo en equipo.

**Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal dunha praza de Mozo/a de servizo (AP).****1. Normas xerais**

1.1 O obxecto do proceso selectivo será a cobertura dunha praza de Mozo/a de servizo (agrupación profesional), adscrita ao IES Rafael Puga Ramón, polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

**1.2 Requisitos dos candidatos**

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

**1.2.1 Nacionalidade:**

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

1.2.2 Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade mínima de xubilación forzosa.

1.2.3 Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de: certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.2.4 Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.5 Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**1.3 Solicitudes**

1.3.1 Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación Provincial. As instancias dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.3.2 De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

1.3.3 Os e as aspirantes que teñan condición legal de minusválidos con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

1.3.4 A instancia, que se presentará por duplicado, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro.

b) Xustificante de pago dos dereitos de exame.

c) Para a valoración da fase de concurso, os aspirantes deberán achegar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias compulsadas). O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos a valorar e non tomará en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes. Os aspirantes aprobados definitivamente deberán presentar, de ser o caso, os documentos orixinais no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas de opositores aprobados.

#### 1.4 Admisión de aspirantes

1.4.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo dun mes declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

Dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Palacio Provincial.

1.4.2 Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá a efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.4.3 Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio.

A data de publicación iniciará o cómputo do prazo a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

#### 1.5. Tribunais cualificadores

1.5.1. O Tribunal designarase de conformidade co estipulado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

- a) Un presidente, que será un funcionario designado polo presidente da Corporación.
- b) Tres vocais, funcionarios designados polo presidente da Corporación.
- c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non poderá desempeñarse esta en representación ou pola conta de ninguén.

1.5.2. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das dispostas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou realizen tarefas de preparación a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/15, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma lei.

1.5.3. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

1.5.4. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

1.5.5. O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

1.5.6. Os Tribunais que actúan nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

#### 1.6. Desenvolvemento dos exercicios

1.6.1. A orde de actuación dos aspirantes, nos exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra «K», conforme ao establecido na Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 3 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro).

1.6.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, será excluído da oposición quen non compareza excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

1.6.3. A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios efectuaráos o Tribunal no taboleiro de anuncios da Corporación.

#### 1.7. Cualificación dos exercicios

1.7.1. Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas concréntanse nas bases da presente convocatoria. Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

1.7.2. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación Provincial ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).

#### 1.8. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

1.8.1. Concluídas as probas o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, non podendo exceder estes o número de prazas convocadas, e elevará a devandita relación á Presidencia da Corporación, quen efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que, superando todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

1.8.2. No prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte a aquel en que se fixeron públicos as listaxes, os opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral da entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.3 que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

1.8.3. Perante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

1.8.4. Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública de quen dependesen para acreditar tal condición.

1.8.5. Se se tratase de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993, de 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Comunidade Europea.

1.8.6. Os que dentro do prazo indicado e excepto casos de forza maior non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade na súa instancia.

1.8.7. Cumpridos os requisitos procedentes, o presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP

#### 1.9. Dereitos de exame:

Agrupación profesional (antigo grupo E): 9,65 euros



## 2. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O proceso de selección constará das seguintes fases: concurso e oposición.

### 2.1 Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### 2.1.1. Servizos prestados, ata un máximo de 13 puntos:

a) 1 punto por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 13 puntos polos servizos efectivos prestados na Deputación da Coruña, con vínculo de carácter temporal ou interino, no posto de traballo obxecto da convocatoria, para cuxos efectos se achegarán á instancia cantos documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) estimen oportunos.

Para realizar esta valoración será requisito estar en situación de servizo activo nesta Deputación provincial no posto de traballo obxecto da convocatoria, con contrato ininterrompido de traballo vixente de carácter temporal ou ben en situación de funcionario interino, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados na Deputación provincial da Coruña noutra praza de mozo/a de servizo, distinta á convocada, ata un máximo de 13 puntos.

c) 0,50 puntos por ano ou fracción superior a seis meses de servizos prestados en prazas de mozo/a de servizo de calquera administración pública, ata un máximo de 13 puntos.

#### 2.1.2. Cursos, ata un máximo de 2 puntos:

Valorarase a asistencia a cursos impartidos pola administración ou homologados, relacionados coa actividade que se vai a realizar, de acordo co seguinte baremo:

De menos de 15 horas: 0,10 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 100 horas: 0,75 puntos

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do exercicio da fase de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A suma total dos dous apartados da fase de concurso non poderá superar os 13 puntos.

### 2.2 Fase de oposición:

**Primeiro exercicio:** de carácter eliminatorio, constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas.

Primeira parte: De carácter obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo dunha hora, dun cuestionario de 15 preguntas con 3 respostas alternativas, sendo só una delas a correcta, e 5 preguntas de reserva, en relación co contido do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Segunda parte: De carácter práctico, obrigatorio para todos os aspirantes. Consistirá nunha proba a desenvolver durante un período dunha hora relativa aos contidos das materias comprendidas no programa específico que figura como anexo a esta convocatoria. A puntuación obtida polo aspirante será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos (de 0 a 10 a parte test e de 0 a 10 a parte práctica), sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

**Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio para todos os aspirantes, excepto para os que teñan acreditado o nivel CELGA 3 en lingua galega, os cales estarán exentos de realizar o exercicio. Consistirá na tradución, nun tempo máximo de trinta minutos, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, propostos os dous polo tribunal. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

#### Cualificación final

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, non podendo resultar aprobados un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

**ANEXO: Programa para Mozo/a de Servizo – agrupación profesional (Consolidación de emprego temporal)****1.-Programa xeral:**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

**2.- Programa específico:**

Tema 1.- Ley 31/1995 de 8 de novembro de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas.

Tema 2.- Manipulación manual de cargas.

Tema 3.- Partes básicas dunha instalación de fontanería.

Tema 4.- Tipos de extintores de incendios: eficacia dos mesmos.

Tema 5.- Requisitos mínimos dos centros que imparten a educación secundaria.

Tema 6.- Órganos de goberno dos institutos de educación secundaria: disposicións xerais. Órganos unipersoais de goberno: nomeamento e competencias.

Tema 7.- Órganos colexiados de goberno dos institutos de educación secundaria: o Consello Escolar. Os órganos de coordinación docente: enumeración, composición. O Plan de convivencia: obxecto, fins e principios do plan. A Comisión de Convivencia.

Tema 8.- O Regulamento de Réxime interior do IES Puga Ramón: limiar, ámbito de aplicación. Dereitos e deberes.

A Coruña, 8 de agosto de 2017

O PRESIDENTE/PDFR 1-10-2015 O DEPUTADO

Antonio Leira Piñeiro

O SECRETARIO XERAL

José Luis Almu Supervía

2017/6941